

NOTAS SOBRE UN VERANO

1165

Diego Llorente, 2023

ESTREA EN NUMAX: 01.09.2023 | V.O. | +12 | 83 min

Marta (Katia Borlado), unha profesora adxunta na universidade, está a piques de ir vivir co seu mozo Leo (Antonio Araque), pero antes decide pasar o mes de agosto en Xixón coa súa familia. É alí onde se reencontra coas súas amigas de sempre e con Pablo (Álvaro Quintana), un antigo amor que trastornará todos os seus plans de futuro. O verán remata e Marta terá que decidir entre quedar ou volver a Madrid xunto a Leo.

«Un filme diáfano e luminoso, un prodixio de claridade»

Luis Martínez, EL MUNDO



Entrevista con Diego Llorente: «Non fago filmes para explicar nada, senón para dicir algunha cousa»

Por Rosana G. Alonso

Os filmes de Diego Llorente teñen unha preocupación pola linguaxe que se manifesta en como esta foi evolucionando ata acadar unha depuración de medios en *Notas sobre un verano*. (...) A cinta está enmarcada entre Asturias e Madrid establecendo un itinerario que anota a disxuntiva entre os desexos máis íntimos e as ambicións. En Madrid está o rumbo profesional de Marta, de Xixón, que convive coa súa parella Leo, un andaluz que empeza a ver como as súas aspiracións laborais se van facendo realidade. Por outra parte, Asturias é o lugar onde a moza, que ronda os trinta, ten a súa familia e amigos. E a onde regresa en vacacións. Desta maneira, co verán as notas ás que alude o título alborótanse, escríbense nun diario íntimo que destapa todas as crises da contemporaneidade.

De atmosfera rohmeriana, *Notas sobre un verano*, en cambio, difire da estela que deixou a Nouvelle Vague na constatación que visibiliza como as dinámicas sociais e dixitais, os desprazamentos continuos e as nosas formas de relacionarnos cambiaron substancialmente. No caso de Llorente isto advírtese a medida que a metraje avanza e a perda de luz, que anticipa o final de agosto, revela o drama despois do goce. A crítica social que emerxe tras a voluptuosidade ten a observancia de alguén que mira desde o interior. Un alguén que renunciou, voluntaria ou involuntariamente, a contemplar desde fóra. Por iso, aínda que o personaxe de Marta é protagonista, como espectadores sabemos que Pablo, o exmozo de Marta na ficción, é clave como peza fixa incapaz de adaptarse a un mundo transformado. Con el cae, ademais, no momento álxido da narración, o mito do patriarcado asturiano. Derrubado, nunha habitación de hotel, o seu corpo que parecía o dun adonis sexual deixa ver a súa condición máis humana. A súa vulnerabilidade queda reflectida, incluso corporalmente, nun decaemento perceptible que derruba a virilidade construída.

Para contextualizar estas ideas Diego Llorente fai unha reflexión. “Supoño que ao final a sociedade asturiana non é demasiado distinta á sociedade doutras partes de España, aínda coas súas peculiaridades. Aquí vimos desa perspectiva do home rudo, duro, que traballa a terra ou máis aínda, baixo a terra, esa imaxe da virilidade mineira. Por iso, a día de hoxe quedou máis na épica, nun relato do que se tira para intentar construír algo, construír unha certa identidade que, evidentemente, agora xa nos queda un pouco lonxe. E ben, creo que as novas xeracións das que eu non formo parte, pero que vexo máis ou menos de preto, están bastante afastadas diso. E quizais, tanto para ben como para mal, homoxeneizadas coa sociedade doutros sitios de España”.

O que lle interesa ao asturiano é o humano, as emocións baixo o envoltorio social. “O meu cinema ten unha aspiración humanista”, sentencia. Esclaráceo aclarando que “non fago filmes para explicar nada, senón para dicir algunha cousa. Tampouco estou obsesionado con contar, nin con narrar, senón con dicir, con falar. Quero pensar que nos meus filmes estou eu falando un pouco”. Por iso, aínda que considera que hai algo del en todos os seus personaxes -faino enunciando unha cita de Raymond Carver- é inevitable velo máis como Pablo que como Marta. Katia Borlado é quen interpreta a Marta imprimindo moi ben un carisma en consonancia cos tempos. A actriz sostén con serenidade un rol que actúa, desde un foro interno, como catalizador de todas as crises.



Na librería
NUMAX
numax.org/librería

*Cuentos de las cuatro
estaciones,*
Éric Rohmer.
Karma [BD]

Memoria de chica,
Annie Ernaux.
Cabaret Voltaire, 2016